

1º Premio de narración

Organizado polos departamentos de Lingua Galega e Educación Física

A Lenda de Ermelo

Chámome Sara, teño 15 anos e son galega, concretamente, de Pontevedra.

Estou aquí para contar unha historia que me aconteceu nunha excursión do colexio hai un ou dous meses.

Iamos de excursión a facer unha ruta polo monte dende Pastoriza ata Ermelo. Subimos ao autobús e eu, coma sempre, collín o meu móbil e puxen a miña música preferida, coa miña mellor amiga ao meu carón. Ao chegar a Pastoriza comezamos a camiñar e a adentrarnos no monte.

Todo ía xenial, riamos, o profesos paraba de vez en cando a dar explicación e faciamos bromas cos tropezáns dalgúns compañeiros; ata que de pronto sucedeu algo, algo que nos faría recordar esta excursión sempre: unha compañeira desaparecerá sen deixar o máis mínimo rastro. Non nos asustamos e fomos buscala por tódolos recunchos daquel monte. Fixo que pensades que o normal era chamar a policía en caso de non atopala e tedes razón, pero cando o profesor se dispoñía a chamar polo seu móbil de última xeración apagóuselle tendo a batería chea, según dicía el. O caso é que faltaban xa outras tres persoas, polo que comezamos a preocuparnos de verdade e o profesor non paraba de dicir que nos calmasemos e que o mellor era volver ao autobús. Cando chegamos, adiviñade quen non estaba por ningures, si, o conductor do autobús tamén desaparecerá, así que decidimos ir búscalo pola ruta que tiñamos pensado facer, cando de súpeto, zas!! Deime conta de que o noso queridísimo profesor non estaba!! Non había sinais del, tampouco da súa enorme bolsa, nin de nada. Os meus compañeiros e mais eu decidimos continuar a ruta a pesar de todo o acontecido, estábamos asustados pero sabíamos que era a única forma de atopalos ou de chegar á civilización onde poder pedir axuda.

Así que así fomos á procura dos compañeiros que ían desaparecendo polo camino, do profesor e, se cadra, do conductor do bus. Pero cada vez faltaba máis xente e polo tanto eramos menos para buscar, eu tiña medo sobre todo a quedar soa, así que para non tardar tanto dividímonos, en dous grupos.

O meu grupo e eu dirixímonos cara o Leste e o outro grupo cara U oeste. Cando camiñabamos atopamos unas pedras grandes e raras e sentamos a descansar despois dun longo camino. Recordo que os meus compañeiros do outro grupo contáronme o que lles sucederá ao seperarnos, seica que chegaron a un mirador e que había unhas vistas preciosas que, sen máis, foron tapadas por unha néboa

espesa e húmida e ao mesmo tempo o fermoso día soleado que facía. Recoñezo que “caguei” un pouco cando mo contaron pero, ben, mellor continuo coa historia.

Logo de descansar un anaquiño encaminamonos cara onde tiñamos previsto e chegamos a unha especie de prado, a néboa non nos deixaba ver absolutamente nada. De repente tropecei con algo e caí no chan. Adiviñade con que tropecei, si, con dous compañeiros que desaparecerán e que estaban tirados no chan con feridas, non moi graves, pero feridas, e coa roupa rachada coma se pasaran por un campo de espiñas. Pensabamos que estaban mortos pero non, espertaron e fixémolles moitas preguntas as que eles respondían que non lembraban nada do acontecido.

Continuamos o camino e fomos atopando a máis compañeiros desaparecidos que tampouco recordaban nada. Por sorte chegamos a un pequeno lugar onde nos atopamos cos rapaces do outro grupo, que tamén atoparan outros compañeiros desaparecidos; ao profesor, e ao conductor do autobús. Cando falamos, todos dicían o mesmo, que non recordaban nada.

Era todo moi raro e decidimos que o mellor era volver ao instituto. Ao chegar, contámoslle á policía o que acontecerá e eles dicían que non había indicios de secuestro nin de ningún tipo de broma pesada gastada por algún rapaz aburrido e sen vida, que non ten nada mellor que facer ademais de fastidiar aos demais.

Así que decidín investigar pola miña conta e descubrín unha lenda sobre o monte de Ermelo que dicía isto:

“Conta unha lenda que as persoas que pisen o monte de Ermelo deberán contar ata cen, senón desaparecerán un a un sen deixar rastro e ninguén poderá atopalos xamais a menos que alguén conte ata cen.”

E sí!! Fun eu, eu contei ata cen para entretenerme mentres camiñaba. Quen m oía dicir, que salvaría a vida dos meus compañeiros, do profesor que máis odio de todo o instituto e daquel inofensivo conductor de autobús. O único que sei e que non volvo pisar o monte Ermelo xamais, ahhh! Que me esquezo: teño de alcume que a verdade é que me gusta bastante “SARA, A HEROÍNA DE ERMELO.”

Brenda Rosales